

Fermín Bouza Brey, un soneto recuperado e unha noveliña a recuperar: *Cabalgadas en Salnés.*

Blanca-Ana Roig Rechou

A Real Academia Galega, seguindo o costume encetado o 17 de maio do 1963 de brindar o *Día das Letras Galegas* a unha figura importante da nosa Literatura, decidiu homenaxear para o ano vindeiro a Fermín Bouza-Brey. É de supoñer que o Parlamento Galego faga o mesmo e declare o ano 1992, ano de Fermín Bouza-Brey.

Foi Fermín Bouza-Brey Trillo de Figueroa (Pontareas 31 de marzo do 1901-Santiago 11 de xuño do 1973) un home da Época Nós¹ pertencente á xeración denominada *Novecentista*², *Xeración do 25*³ ou *Xeración da avangarda ou do 22*⁴, segundo se teña en conta o ano de nacemento dos seus membros, os anos das súas manifestacións públicas ou a “arte nova” que practicaban. Foi un dos homes ós que lles debemos a fundación, no ano 1923, do Seminario de Estudos Galegos, unha Institución que propugnaba o estudio e espallamento da cultura galega e tamén a formación de investigadores nas diversas seccións que, xa dende os seus primeiros pasos, se crearon nela: Ciencias Naturais, Xeografía, Etnografía, Historia, Prehistoria, Arqueoloxía e Arte, Filoloxía e Artes e Letras. Bouza-Brey foi un dos primeiros que traballaron intensamente nesta Institución e na súa herdeira, o Instituto Padre Sarmiento, que se formou sobre os seus cimentos despois do 1936, data na que o Seminario tivo que cesar no seu labor. Traballou Bouza-Brey, primeiramente, nas seccións de Arqueoloxía e Prehistoria, pero a súa actividade investigadora non só cubriu os ámbitos citados senón que se estendeu pola Etnografía, a Arte e a Literatura.

No terreo literario, destacou como crítico e como creador. Como crítico, son de salientar os seus traballos bibliográficos e interpretativos de figuras como Rosalía

1. Anxo Tarrío Varela, *Literatura gallega*, Madrid: Ed. Taurus, 1990, pp. 92-98.

2. Ricardo Carballo Calero, *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981, pp. 691 e 735-36. Afnda que neste obra o cita dentro da primeira promoción do Seminario de Estudos Galegos, segundo o criterio que emprega para englobar ós escritores *novecentistas*, tamén se pode interpretar que pertence a este grupo, e así o fai o mesmo Carballo Calero en, por exemplo, “Bouza-Brey, acontecemento literario”, *La Voz de Galicia*, 16-5-81.

3. X. L. Méndez Ferrín, *De Pondal a Novoneyra*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais universitaria, 1984, pp. 55-59.

4. Arcadio López Casanova, *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba*, Vigo: Ed. Galaxia, 1990; “Actividad vanguardista y poética de ruptura (La generación del 22 en la Literatura Gallega)”, en *Insula*, Revista de Letras y Ciencias Humanas, nº 529, Enero 1991, pp. 14-16.

de Castro⁵, Eduardo Pondal⁶, Manuel Murguía⁷ e Cotarelo Valledor⁸, entre outras personalidades e feitos sobranceiros da cultura galega do seu tempo⁹.

Como creador, deixou unha orixinal obra poética, de “recia elaboración lingüística”¹⁰, como di Anxo Tarrío, coa que inaugurou, a pesar de que X.V. Viqueira compuxese algún poema neste camiño nos anos vinte, a tendencia poética que a crítica, en xeral, denominou *Neotrobadorismo*, atendendo a que os seus cultivadores tentaron unha recreación da nosa lírica medieval, aproveitando os procedementos estilísticos da mesma, tales como: o *leixa-pren*, o *paralelismo*, o *refrán*, certas particularidades léxicas, etc.¹¹. Esta práctica poética caracterízase tamén, segundo Arcadio López Casanova, por tres formantes fáciles de detectar nos poetas que a

5. Autora á que lle dedicou moitas páxinas en traballos que botaron moita luz sobre aspectos varios da súa vida e obra. Entre eles poedemos citar: “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro (III). Poesía a la memoria de Aurelio Aguirre Galarraga”, *Cuadernos de Estudios Galegos*, I, 1944-45, pp. 469-471. A partir de agora citaremos esta obra por *C.E.G.*; “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro (IV)”, *CEG*, I, 1944-45, pp. 659-661; “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro (V). Padrón y las inundaciones”, *CEG*, II, 1946-47, pp. 113-126; “Escritos no coleccionados de Rosalía Castro (VI). Conto gallego”, *CEG*, II, 1946-1947, pp. 279-294; “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro” (VIII), *CEG*, II, 1947, fasc. 7, pp. 713-717; “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro (IX)”, *CEG*, III, 1948, fasc. 9, pp. 125-127; “Escritos no coleccionables de Rosalía Castro (X). Complemento de la poesía “De Galicia os cimiterios”, *CEG*, X, 1948, fasc. 9, pp. 307-310; “Cartas de Rosalía de Castro a D. Angel Baltar”, *CEG*, IV, fasc. 12, 1949, pp. 433-438; “Poesía gallega inédita de Marcial Valladares a Rosalía Castro”, *CEG*, 1951, pp. 275-277; “El tema rosaliano de negra sombra en la poesía compostelana del siglo XIX”, *CEG*, XIV, 1953; “La joven Rosalía en Compostela (1852-1856)”, *CEG*, X, 1955, pp. 201-257; “El solar y mayorazgo de ‘Arretén’ de los antepasados de Rosalía de Castro”, *CEG*, XV, fasc. 46, 1960, pp. 164-190; “Manuel Barros, escritor emigrado, amigo de Rosalía, y los orígenes del libro *En las orillas del Sar*”, *CEG*, XVI, fasc. 49, 1961, pp. 218-239; “Adriano y Valentina, motivaciones inspiradoras de Rosalía de Castro”, *CEG*, XVII, fasc. 53, 1962, pp. 374-390; Edición crítica de *Cantares Gallegos*, Vigo: Ed. Galaxia, edición do centenario, 1963. Desta edición fíxose outra idéntica no 1970; “Los *Cantares Gallegos* o Rosalía y los suyos entre 1860 e 1863”, *CEG*, XVIII, fasc. 56, 1963, pp. 255-302; “Libro de fé e de esperanza. A xénese dos *Cantares*”, *La Noche*, 17-V-1963; “Las enfermedades infantiles de Rosalía de Castro y los ritos de medicina mágica en Galicia”, *CEG*, XXII, fasc. 67, 1967, pp.183-197; “De novo Rosalía en Italia”, en *Grial*, nº 16, 1967, pp. 242-244; “Xuízo do ano”, poesía desconocida de Rosalía de Castro en el “Calendario Gallego” de Soto Freire”, *CEG*, XXIII, fasc. 70, 1968, pp. 237-240; “Un poema non coleccionado de Rosalía: “Dend’as fartas orelas do Mondego”, en *Grial*, nº 82, 1983, pp. 499-500. Póstumo.

6. Tamén mereceu moitas liñas da man de Bouza Brey, entre as que salientamos: “A formación literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus *Queixumes*”, *A nosa terra*, ano IX, nº 207-211, ano 1925; “Camoens e Pondal”, *Revista Nós*, tomo XII, 15 de febreiro do 1935, nº 134, p. 26; “La poesía de Pondal a Rosalía enferma”, *CEG*, V, fasc. 15, 1950, pp. 144 ss.

7. “El ideario político de Murguía”, *El Pueblo Gallego*, Vigo, 17 de marzo do 1933.

8. “Don Armando Cotarelo Valledor”, *Boletín de la Real Academia gallega*, XXV.

9. Por exemplo: “Don Fabián Pardiñas Villardefrancos, poeta gallego del siglo XVIII”, *C.E.G.*, fasc. 3, 1945, pp. 331-354.

“Un villancico desconocido de Alberto Camino”, en *C.E.G.*, tomo IV, fasc. VII, 1947, pp. 483-484; “Limiar” a *Entremés famoso sobre da pesca do Río Miño*, Vigo: Edicións Monterrey, 1953, p. 11; “Los villancicos gallegos cantados en el Hospicio de Santiago en la Navidad de 1848”, *CEG*, XXXVI, 1957; “Os villancicos galegos cantados na catedral de Santiago no século XVIII e algunhas notas biográficas do poeta Parcerro”, en *B.R.A.G.*, tomo XXVIII, nº 321-326, xullo 1958, pp. 3 e ss.; “Los dispersos de López Ferreiro” en *Compostellanum*, sección de Estudios Jacobeos, V, nº 2, 1960, pp. 25-27; “El tema romancesco del ciervo del pie blanco en la novelística popular gallega”, *C.E.G.*, XVIII, fasc. 55, 1963, pp. 148-166; “Villancicos gallegos en los templos de Castilla en el siglo XVII”, *C.E.G.*, XXII, fasc. 68, 1967, pp. 337-341; “Un escritor gallego desconocido del siglo XVIII” en *Compostellanum*, Santiago, vol. XIII, nº 4 (oct.-dic. 1968), p. 701-702; “Semblanza de Marcial Valladares” en *Boletín da R.A.G.*, XXX, 1970, pp. 430-437, ademais de artigos sobre Marcial Valladares etnógrafo.

10. *Ibidem*, p. 131.

11. Tendencia literaria, paralela ó Neopopularismo de Lorca e Alberti, que será cultivada ademais por Alvaro Cunqueiro (Mondoñedo 1911- Vigo 1981), por Xosé Díaz Jácome (Mondoñedo 1910) e máis modernamente por Xosé María Álvarez Blázquez (Tui 1915-Vigo 1985), entre outros.

practican. A saber: 1) Aportación a nivel de contido dun certo *impresionismo sentimental*, estados de especial evanescencia afectiva, inefabilidade, etc. 2) Suma de notas escénico-ambientais de marcado *decadentismo* ou *exotismo*. 3) Uso de vivas imaxes sensoriais e/ou corpóreas¹².

Este labor poético, que Bouza-Brey comezou preto dos vinte anos, atópase hoxe nos poemarios titulados *Nao senlleira* (1933)¹³, libro onde mellor se pode xustificar o termo *Neotrobadorismo*, pero no que, como di Xesús Alonso Montero¹⁴, se conteñen “poemas menos vencellados á preceptiva trobadoresca onde, se cadra, están os grandes versos do noso autor, os versos que nos dan a medida do excelente poeta que era”. Efectivamente, este poemario, ilustrado por Sesto e formado por 20 poemas que foron aparecendo na *Revista Nós* e noutras publicacións do momento entre 1925 e 1932, como nos sinalou Francisco Fernández del Riego xunto co reseñista da *Revista Nós*¹⁵, posúe unha técnica que

non era, certamente, unha técnica doada. Tiña tódalas dificultades das formas arcaicas dos trovadores transplantadas á lírica moderna. Pero o vello e o novo sópooos conxugar felizmente o poeta. Realizou así unha poesía exemplarmente galega sin influxo alleo, fundada na tradición medieval e nas fontes populares¹⁶.

Ou tamén como observou Carballo Calero

As suas fontes inspiradoras son os Cancioeiros galaico-portugueses e a nosa poesía popular. De aqueles toma, especialmente, o léxico e a métrica; da lírica do pobo, o recendo san, o fresco balbor de agua pura. É, pois, a sua, unha poesía de ilustres raigañas autóctonas. É, como a do bardo de Ponteceso, unha poesía nacional. (...) O escaerio da poesía de Bouza, ben que influído pol-a decoración medieval, está unhas vegadas fora do tempo e outras encarna en paisaxes poéticas craramente contemporáneas (...) Veleiqué unha poesía auténticamente galega e auténticamente moderna¹⁷.

O segundo poemario foi *Seitura*¹⁸, publicado despois da guerra. Trouxo

unha interesante peculiaridade: a de ser o primeiro libro que, con grafía portuguesa, se escribía en lingua galega. Pretendíase, de tal xeito, servir a

12. Art. cit., n. 4.

13. Santiago: Ed. Nós, 1933. Hoxe contamos cunha segunda edición en *Obra literaria completa*, Santiago: Edicións do Cerne 1980 e cunha terceira en *Obra literaria completa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Grandes Mestres, 1981. Nestas edicións, ademais de *Nao senlleira*, reedítanse *Seitura*, *Cabalgadas en Salnés* e *Outros poemas*. Este último grupo varía dunha edición a outra. Na 1ª reproducense trinta poemas, na 2ª vinteoito. Isto é debido a que na primeira danse variantes de dous poemas de *Seitura*. Nesta primeira edición da *Obra literaria completa* reproducense, ademais, poemas manuscritos.

14. “Homenaxe a Bouza-Brey”, *El Faro de Vigo*, Suplemento Cultural, Sábado 9-5-1981, p. 30.

15. *Nós*, nº 115, Día de Galicia, 1933, p. 133. Hoxe pode consultarse en *Nós*, Tomo V, números 97-130, anos 1932-1933, Vigo: Ed. Galaxia, 1979, pp. 133. Este reseñista que non firma o seu traballo parécenos o mesmo Francisco Fernández del Riego.

16. *Historia da Literatura Galega*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Básica da Cultura, 1984, p. 134.

17. “BOUZA BREY: *Nao senlleira*, Edición Nós, Compostela 1933”, *A nosa terra*, 18 setembro 1933.

18. Braga: Edição de Livraria Cruz, col. 4 Ventos, s.d. O autor regalou un volume da primeira edición, o que está na Biblioteca Xeral da Universidade de Santiago de Compostela, á Biblioteca Universitaria o

Galicia nun campo novo: o do contacto cos pobos da mesma lingua, como Portugal e Brasil¹⁹.

Neste novo poemario tamén se recollen poemas espaxados por revistas, xornais, etc. Nel, aínda que hai poemas na mesma liña do anterior, aprécianse outros de “circunstancias”, que, segundo observou Fernández del Riego “desmerecen no conxunto, pesie a que evidencian o talento versificador que singularizou toda a produción do autor”²⁰. Manuel María²¹ opinou que

é un libro mais fondamente humán, mais nuamente sincero que *Nao senlleira*. O que en *Nao senlleira* poide, cecais, ser concesión á moda literaria e brillantez de imaxe, en *Seitura* é melancolía vivida, esperencias que na alma do poeta foi deixando o tempo. O que en *Nao senlleira* é inxenio, en *Seitura* é fondura.

Consta *Seitura* de 104 páxinas. A primeira delas é un retrato do autor feito ó óleo por Rafael Alonso. Séguelle unha nota dos editores na que, despois de dar uns poucos datos biográficos (con algún erro xa que ubican Vilagarcía de Arousa na provincia de A Coruña, por exemplo), faise un percorrido por todo o seu traballo crítico, aínda que baseándose fundamentalmente no seu labor poético:

Bouza-Brey é un dos maiores poetas galegos, bebendo a súa inspiración na tradición pátria, cheia de rumores das bouças do seu nome e dos camiños do Mar Atlántico. Fundou unha nova escola poética de sentido paralelo à portuguesa de Afonso Lopes Vieira, embora mais achegada ao Povo e mais moderna. Pertencem a esta escola os relevantes poetas galegos C. E. Ferreira e Jose Crecente Vega. O sentido popular dos seus versos casan admiravelmente com a resurreição do estilo dos Cancioneiros, a grande novidade da poesía de Bouza-Brey, servida por un vocabulario elegante, escolhido e rico²².

Por expresa vontade do autor, editouse, como vimos, en ortografía portuguesa (ou restaurada por se aproximar a Galicia) para Portugal e Brasil. No seu deseño editorial ofrécesenos, en primeiro lugar, unha nota de correspondencias portuguesas-galegas para unha mellor comprensión do texto. A seguir, o libro consta dun lema, dous poemas (“A Emilia” e “Seitura”) e seis apartados titulados:

I. Degaros, con seis poemas.

1 de xuño do 1955, como consta neste exemplar. Hoxe reproducécese nas edicións citadas na nota 13. Os responsables da edición deste poemario en *Obra literaria completa*, de Edicións do Cerne, na lapela posterior, comentan que “*Seitura* apareceu en Portugal no ano 1955 (na edición non figura a data) con ortografía portuguesa”. A pesar desta afirmación, manifestan a súa crenza en que o autor escribiu este poemario con ortografía galega, como o demostran os poemas manuscritos que se reproducen no apartado *Outros poemas*, por iso conclúen os editores dicindo que “o pretendido lusismo de *Seitura* é, en boa medida, puramente circunstancial”.

19. Francisco Fernández del Riego, “De *Nao senlleira* a *Seitura*” en *Faro de Vigo*, 9 de xaneiro do 1980.

20. *Historia da literatura galega*, cit., p. 135.

21. “Notas en col da poesía de Fermín Bouza”, *B.R.A.G.*, tomo XXVIII, nº 327-332, xullo 1958, pp. 125 e ss.

22. Comentario dos editores da primeira edición de *Seitura*. Ver n. 17.

- II. De volta en volta, con oito poemas.
- III. Laios, con catro poemas.
- IV. Louvores e panxolinhas, con catro poemas.
- V. Retrincos, con cinco poemas.
- VI. Sonetos, con cinco poemas.

Remata o libro cun glosario portugués.

Tamén publicou en vida, *Loores ao señor Sant-Yago* (Flor natural en los juegos florales de Compostela)²³.

Nos dous volumes que se levan publicado co título de *Obra literaria completa*²⁴, recóllense os poemarios anteriores, os *Loores...* e tamén poemas espallados ó longo da súa vida en publicacións periódicas e non periódicas, xunto con inéditos cedidos pola familia e amigos do poeta. Os editores agruparon toda este obra nun apartado titulado *Outros poemas*. Neste apartado, como ben se di no volume de Edicións do Cerne, en "Nota do editor"

No que se refire á recolleita do material, a nosa pretensión foi de exhaustividade. Ao estarmos certos de non tela acadado, deixámoslle a porta aberta á erudición e máis á crítica para que poñan en tela de xuício a adxectivación de "completa" que figura no título da obra.

Cumpliuse este augurio e hoxe recuperamos un poema non recopilado: "Soneto antergo", que Fermín Bouza-Brey publicou no 1924 en *A nosa terra*²⁵. Con el, ampliáase a nómina de sonetos que escribiu o noso poeta.

SONETO ANTERGO

-¿Lembraste, corazón cando tremache
baixo o agarimo das meniñas de Ela
e nos ceos da esperanza pendurache
de un fío de ilusión brillante estrela...?

Pois hoxe, corazón, escintilando
e por mans celestiaes rempuxada,
pol-o fío do amor escorregando,
ven cara a nós a estrela desexada.

E cando caia sobre as fronte nosas
feita xa unha benzón; ô ficar solo
nos espazos o fío que a sustiña,

pendurarás n-ese adibal de rosas
outro luceiro que apeteza un colo
e que lle chame a ela sua naiciña.

Fermín Bouza-Brey

23. Santiago: Editorial Compostela, s.d. Hoxe reproducida na *Obra literaria completa*, cit. n. 13.

24. Citados n. 13 e n. 17.

25. Nº 204, 1 de setembro do 1924, p. 2. Hoxe pode consultarse no tomo IV, anos 1922-1925, números 173-214, A Coruña: Ed. Edman 1988.

Tamén queremos chamar a atención sobre o seguinte poema:

A un mozo galego dende Cornualla

Teño de te prisar na miña onda de luz
atal que a min agora prisa o faro de Eckmühl.
Quero que sejas tí o que eu ja non hei ser:
lume na noite, estrela no mencer,
ave no ermo, canto no mar maior,
singular mareante por todo inmenso amor...

Teño de te apreijar no meu feije de luz
atal que a min agora o albo faro de Eckmühl.
Quero que leves tí o que eu ja n-hei levar:
alboradas no peito e nos ollos luar;
no extrano esprito alceso ilusión de ilusións.
E o corazón deitando celme de corazóns...

¡Ah, sí! Hate apiñar miña fouce de luz
atal que a min agora a do faro de Eckmühl.
¡Todo para que conquiras o que eu n-hei conquistar!
Antre o enjamio dos astros a Patria do porvir;
unha Galicia plena, sensitiva e vital
n-un planeta senlleiro todo limpo de mal.

(*A nosa terra*, nº 383, 21 setembro 1935)

Este poema é moi semellante ó titulado “Dende a Armórica”, pertencente ó poemario *Seitura*, pero as diferencias entre ambos son substanciais, tanto dende o punto de vista ortográfico coma, e sobre todo, dende o do contido, segundo pode observarse xa no título.

César Antonio Molina²⁶ creu descubrir no nº 3 da Revista *Posio*, na súa primeira época, un soneto non recopilado na *Obra literaria completa*: “A Otero Pedraio. Trocando uns libros”. En realidade, trátase só dun cambio de título e de lugar de publicación, xa que agora se titula “Envíos” (de Bouza Brey a Otero Pedrayo; acusando recibo e enviándolle un estudio), publicado en *Gelmírez* (nº 1, 1945-1946), segundo afirman os editores da súa obra.

En definitiva, estamos diante dun poeta que soubo aproveitar os modelos poéticos e mesmo o léxico medievais para crear unha poesía cun marchamo moi persoal, moderno e tamén de tradición popular, como afirman os seus estudiosos máis cualificados e, en parte, el mesmo testemuñou na media páxina de autopoética coa que se abriu a *Escolma de Poesía galega, IV*: “Teño percurado recuperar as tradicións dos nosos clásicos: os cancioneros medievais i o pobo”²⁷.

Como dramaturgo, temos noticia²⁸ de que se presentou ó Concurso de pezas teatrais que convocaba a Revista *A nosa terra* e que mereceu unha mención de

26. *Prensa literaria en Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1989, p. 705, n.40.

27. Vigo: Ed. Galaxia, 1955 e comezando as edicións da *Obra literaria completa*, citadas, n.13.

28. *A nosa terra*, nº 197, 1 de febreiro do 1924, p. 4. tomo IV, cit. n.25.

honra pola súa obra *O romance de don Galeor*. Coméntase na citada publicación que esta obra de Bouza-Brey mereceu o premio polas súas “condicións moi estimables”, segundo o xurado encargado do fallo. Ata o momento, non sabemos se esta obra se estreou ou publicou.

Como narrador, só deixou unha pequena mostra: *Cabalgadas en Salnés*²⁹, que tén un grande significado para a cultura galega, xa que con este breve relato (20 páxinas en octavo) deu o seu apoio a unha das iniciativas culturais³⁰ de maior importancia da Época Nós: a Colección, Imprenta e Editorial *Lar*, iniciativa que tivo como executor a un dos homes máis activos do galeguismo: Anxel Casal³¹.

Anxel Casal, movido pola chamada constante que os homes das Irmandades da fala facían para que se puxesen en marcha empresas editoriais, entrou en contacto con Leandro Carré e entre ambos iniciaron un camiño editorial que os levaría a ocupar un posto destacado no abrente do nacionalismo galego e tamén a ser os primeiros que puxeron en marcha unha produción narrativa, sistemática, e en galego. Con esta produción narrativa pretenderon conquistar un público que, coa súa demanda, fixese posible, máis tarde, a consolidación do xénero.

Pero, a pesar dos esforzos dos seus promotores, a Historia desta Imprenta, Editorial e Colección foi un continuo salvar atrancos, debido á falta de medios, poucos lectores, poucos orixinais, a indiferencia, ás veces, dos libeiros e mesmo a problemas entre os promotores. A causa destes avatares, foron moi frecuentes as notas editoriais que acompañaron ós exemplares e nas que se intentaba implicar moralmente, non só ós galeguistas senón tamén a tódolos profesionais do sector libreiro, como deixamos constancia noutro traballo sobre o tema. A pesar desta penuria, *Lar* seguiu ampliando o seu fondo editorial con novas coleccións e novos proxectos. O seu labor foi louvado, unha e outra vez, dende as páxinas das publicacións periódicas polas firmas máis cualificadas do momento. Non era para menos. *Lar*, ademais da Colección de narrativa, levou a cabo outras iniciativas editoriais importantes correspondentes a outros xéneros e ámbitos.

De tódolos proxectos de *Lar* o máis madurecido foi precisamente esa Colección de novela curta, que publicou corenta títulos entre Novembro do 1924 e xaneiro do 1928³², primeiro quincenalmente e logo mensualmente, nun formato cunha extensión moi parecida ós que publicara a Colección “Céltiga” de Ferrol no seu momento. É dicir, un formato en octavo, cunha extensión media de trinta páxinas, aproximadamente, cunha portada, elaborada por Camilo Díaz, na que se representaba “o céltigo trilito diante do redondel da lúa entre dous monstros do Pórtico

29. A Coruña: Ed. Lar, novembro 1925. Agora está publicada no volume 3 de *Nós* (Oleiros: Edivar, 1989) e tamén nas edicións das obras completas citadas na nota 13.

30. Dicimos “unha das iniciativas culturais” porque foron moitas as que se desenvolveron neste período. Vid. “Introducción: Os primeiros pasos cara a unha prosa narrativa moderna”, en X. Amancio Liñares Giraut e Blanca-Ana Roig Rechou, *Xulián Magariños Negreira. Un home da “Época Nós” 1904-1934*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1988, pp.9-21.

31. Para unha biografía e estudio de Anxel Casal, véxase: Francisco Fernández del Riego, *Anxel Casal e o libro galego*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos para a historia contemporánea de Galicia, 1983.

32. Hoxe recollidos nos volumes 3 e 4 de *Nós*, cit., e tamén por autores en: *Obra literaria completa de Bouza Brey*, cit. nota 13; en X. Amancio Liñares Giraut e Blanca-Ana Roig, *Magariños...*, cit. e en *Antoloxía da novela curta*, Vigo: Ed. Galaxia, 1990.

da Groria''³³, como a describía Vicente Risco. Con esta Colección Leandro Carré quería dar resposta ó *deber ser* da novela galega, unha preocupación dos nosos intelectuais que tamén é doado detectar noutras latitudes, aínda que partisen de presupostos distintos, xa que, como ocorría no ámbito español, o que preocupaba era reconducir o xénero. Así, intelectuais significados do momento, como Unamuno³⁴, Ortega³⁵ e Baroja³⁶, por exemplo, teorizaban e discutían sobre algo que na Literatura Española xa tiña tradición e peso específico. Os nosos intelectuais, polo contrario, non falaban de crise senón que intentaban sentar as bases para inaugurar o xénero e facelo o mellor posible. Esta preocupación foi manifestada por Leandro Carré Alvarellos, fundamentalmente, nun artigo titulado "Encol da novela" e publicado na *Revista Nós*³⁷. Nel, facía un percorrido, como deixamos xa desenvolvido noutro traballo³⁸, polos problemas que estaban a limitar ós nosos escritores e intentaba poñer as bases dunha novela que, sen renunciar a ningún tema, orientase a tradición narrativa galega polo camiño da universalidade urbana. Aínda que isto non o conseguiron na totalidade dos títulos que publicaron na Colección citada, non cabe dúbida de que o espírito e a filosofía que Carré e Casal quixeron que a informase eran os de modernidade e refugamento do enxebrismo mal entendido. Isto viuse moi claro na Colección *Lar*, pois, a pesar dos atrancos que tivo que padecer, sacou á luz un bó número de exemplares que, na súa meirande parte, responderon ás características que os editores reclamaban. Entre as máis salientables destas características cómpre citar:

- Ambientación urbana preferentemente.
- Ausencia de diglosia.
- Glosa do motivo do "sentimento da terra".
- Doadada lectura e simplificación dos argumentos.
- Fácil adquisición, dende o punto de vista económico.
- Extensión axeitada á falta de hábito lector.

Con estas características, os editores sabían moi ben que non ían conseguir a grande novela pero consideraban que a experiencia era boa para máis cobizosas empresas. Carré manifestouse neste sentido de forma clara no artigo citado.

Xa temos observado³⁹, despois de ler as noveliñas no seu conxunto, que estas deixan, nun lector atento, un pouso xeral que leva a pensar que Carré e Casal quixeron facer unha colección que entrase de cheo na denominada *Novela Popular*, a cal, naquel momento, invadía o mercado a través da lingua castelá, fundamentalmente. Non conseguiron, sen embargo, que tódolos exemplares, como dixemos, se axustasen ás condicións sinaladas. Por iso, no corpus xeral da Colección é preciso facer grandes agrupamentos. No primeiro deles entra, precisamente, *Cabalgadas en Salnés*, que constitúe un exemplar único no corpus xeral da Colección xa que, aínda que presenta bastantes das características

33. *Revista Nós*, nº 19, 25 de Xullo do 1925, en "As novelas Lar".

34. *Tres novelas ejemplares y un prólogo*, Madrid: Ed. Calpe, 1920.

35. *La deshumanización del arte e ideas sobre la novela*, Madrid: Revista de Occidente, 1925.

36. "Prólogo casi doctrinal sobre la novela (que el lector sencillo puede saltar impunemente)". Trátase do "Prólogo" a *La nave de los locos*, Madrid: Caro Raggio, 1925.

37. Nº 27, 15 de marzo do 1926, pp. 12-14.

38. "Xulián Magariños Negreira e a Colección Lar", xa citado.

39. "As noveliñas LAR, unha lección para o KIOSKO GALEGO", *Dorna, Revista de Expresión Poética Galega*, nº 7, Universidade de Santiago de Compostela 1982, pp. 17-23.

sinaladas, apártase da filosofía xeral dela por presentar peculiaridades da novela de aventuras.

Con esta obríña, subtitulada *Lembranzas dun fidalgo* e que contén unha ilustración de Castelao, Fermín Bouza-Brey respondeu á chamada dos editores de *Lar*. Respondeu con rapidez (a noveliña leva o nº 15 da Colección) e bastante fielmente, xa que un narrador en primeira persoa, o señor do casal da Pantrigueira, conta, en seis capítulos, a aventura do protagonista, que sae cara a Fiolledo movido polo que leu nunha esquelíña acabada de recibir. Despois de dar noticia dos seus antepasados e de describir o casal da Pantrigueira, o mar (seu amo e señor), así como de facer referencias a que a felicidade está na terra propia, comeza a viaxe para tratar de facerse cunha carta de Florenza, moza coa que tivera amores e que agora o chama por medio desa esquelíña para comprometelo. Ela convive co Oidor, Don Amaro (un mullereiro de sona), quen, no momento do relato, tén un novo capricho: a moza de Xan Quinto. Conta o noso narrador os avatares da viaxe e como consegue recuperar a carta e descubrir o enredo no que Florenza o quería meter; conta tamén o seu trato con Xan Quinto (o bandido bo) para recuperar á súa moza, que é, precisamente, o móvil da trama; e finalmente narra a axuda que o fidalgo presta ó bandido para levar a cabo a recuperación da rapaza, que total morre ó finalizar o relato.

Bouza Brey soubo crear, dunha banda, un personaxe fidalgo, valente e xeneroso, moi apropiado para iniciar unha serie de aventuras. Trouxo, tamén, para a nosa Literatura, a figura do bandido xusto⁴⁰, que, ben manipulada, deu xa éxitos abondo na Literatura Universal e tamén na Literatura Galega, pois, como ben apuntou Vicente Risco⁴¹, refiríndose precisamente a este bandido representado na figura de Xan Quinto:

Os seus feitos heróicos atoparon hai tempo chantre en Ramón Cabanillas, que perdeu un poema que fixera sobre do asunto; tamén Valle-Inclán tirou a cazar iste paxaro tan do seu gusto afeitoado ô bravío. Agora atrapouno o Bouza Brey n-un dos instantes mais propios, que non deixaría de dar envexa ô señor do Caramiñal. E atrapouno ben, que nol-o presenta en toda a súa romántica poesía de rebelde, deixando atrás da sua figura a comenente lonxedade, a perspeutiva de misterio que compre pr'os personaxes épicos.

Non falta na obríña do noso escritor a protagonista de fermosura sen par (Florenza), que desencadea sentimentos contradictorios:

Semellábame (...) muller única, “moita muller” decíamos (...).

Cando sortira chamada por un seu tío marchante ricaz nas Antillas, era cativa de corpo e de esprito; agora viña opulenta nos dous sentidos a descansar dos seus trafegos mundanos a casa de sua nai.

40. Elisabeth Frenzel, *Diccionario de motivos de la literatura universal*, Madrid: Editorial Gredos, 1980, ítem “Bandido justo, el”, pp. 28-35.

41. “*Cabalgadas en Salnés* por F. Bouza Brey, nº 15 de *Lar*, A Cruña 1925”, en *Revista Nós*, 25, ano VIII, 15 de xaneiro do 1926, p. 18. Hoxe en *Nós*, II, números 25-48, 1926-1927, Vigo: Ed. Galaxia, 1979.

Tampouco deixou de apreciar Bouza-Brey a rendabilidade literaria que ofrece o personaxe luxurioso e sen escrúpulos (don Amaro), un personaxe caciquil e temido polo poder que posúe, que move ó odio ó lector inxenuo. En fin, Bouza atinou moi ben ó xogar cunha toponimia galega, metade identificable, metade inventada, que produce un certo distanciamento mítico, e cunha escenografía facilmente imaxinable polo lector.

De seguro que, se non fose porque Bouza se deixou levar por demais do seu pulo lírico, barroquizando en exceso a prosa e retardando, deste xeito, a acción, estaríamos diante dunha novela moi propia para a citada Colección.

En efecto, Bouza Brey non quixo renunciar ó seu talante de escritor culto e, da mesma maneira que importuna o Lector Modelo⁴² de novelas de aventuras con efusións líricas que non sempre veñen a conto, tampouco o deixa satisfeito, con seguridade, co desgraciado final da heroína-víctima. En troques, soubo aproveitar as vantaxes que ofrece un tal tipo de lector. Así, por exemplo, non dubidou de botar man do *Deus ex machina*, que con tanta indulxencia perdoa o afeccionado á novela de aventuras, ou do azar, das coincidencias, dos personaxes esquemáticos e cortados dunha soa peza, etc.

O empaque fidalgo da prosa de Bouza-Brey, coma xa viu Vicente Risco⁴³, lembra moito o estilo de Valle: "Safulle unha noveliña fidalgamente escrita que ben val por outra mais longa".

Outro trazo a salientar na escritura desta noveliña é a maneira como Bouza vai in-crustando, aquí e alá, lendas, costumes e ritos propios da cultura popular. Así, por exemplo, deixando a un lado a lenda referida ó "encanto do Castro", dáenos noticia do bautismo dunha criatura que aínda está no claustro materno, costume este que se leva a cabo aínda hoxe. Un bautizo que ten que se celebrar, cabo das doce da noite, polo primeiro viandante que cruce a ponte, onde a nai agarda.

En definitiva, Bouza Brey abriu un camiño e é mágoa que non fose máis transitado pola nosa Literatura. *Cabalgadas en Salnés* é unha pequena mostra do que podería dar de si, na Literatura Galega, a novela de aventuras. O escritor de Pontearreas deixounos nesta peceña os elementos básicos deste tipo de novela. Elementos que, doutra banda, non serían máis ca unha transformación e unha adaptación á paisaxe galega dos que xa desenvolveran, con abondo éxito, autores coma Walter Scott, Schiller, Dumas, etc.

Bouza Brey mereceu moitos recoñecementos e galardóns tanto en Galicia coma fóra dela⁴⁴ polo traballo citado e polo que desenvolveu en Cursos, Congresos,

42. Véxase Umberto Eco, "Il lettore modello", en *Lector in Fabula* (La cooperación interpretativa nei testi narrativi), Milano: Casa Editrice Valentino Bompiano, 1979. Hai unha edición española: Madrid: Ed. Lumen, 1981.

43. Art. Cit.

44. No 1929 viaxou pensionado a Bretaña polo centro de Estudios Históricos. Foi membro de numerosas corporacións científicas: Numerario da Real Academia Galega, Correspondente da Real Academia da Historia, Membro da Sociedad Española de Antropología e Etnografía, do Instituto Internacional de Antropología de París, da Sociedade de Geografía de Lisboa, da Associação de Arqueólogos Portugueses, da Sociedade "Martins Sarmiento" de Guimaraes, da Sociedade de Folklore do Brasil, do Instituto Arqueolóxico alemán, da Academia Portuguesa da Lingua, por citar algúns dos moitos organismos

Conferencias, como articulista de diferentes medios, etc. Con este traballo cubriu o noso autor moitas páxinas de grande interese para a historia da cultura galega. Nós queremos homenaxealo hoxe, no abrente do ano que o homenaxeará en tódalas súas facetas e que propiciará multitude de artigos, libros, conferencias, etc. en torno á súa obra e personalidade. Traballos e actos que ben merecidos ten⁴⁵, xa que a incomprensión foi a causante de que a obra deste autor, que serviu a Galicia dende os campos que puido, fora esquecida por moito tempo.

Blanca-Ana Roig Rechou
Universidade de Santiago de Compostela

que contan con el entre os seus membros. Foi chamado a congresos, conferencias, etc. de dentro e fóra do noso país. En definitiva este home deixou nun lugar moi alto á súa Galicia natal, en tódolos ámbitos culturais e profesionais polos que transitou. Ámbitos moi variados xa que despois de cursar Filosofía e Letras, Dereito na Universidade Compostela e de doutorarse en Madrid, traballou como mestre, ingresou na carreira xudicial e ocupou postos de maxistrado en Santiago, Lérica, Pontevedra e na territorial de Oviedo.

45. Para a consulta dos datos recollidos neste pequeno estudio, ademais dos manuais de Historia da Literatura Galega, dos Dicionarios e Enciclopedias e dos traballos xa citados nas notas anteriores, consultáronse: Soledad Antón, "Bouza-Brey, la vida y la obra de un humanista en su Ponteareas natal", en *La Voz de Galicia*, sección Cultura, 16 de maio do 1991. Ricardo Carballo Calero, "Glorias e perigos da poesía de Bouza Brey", *Revista Nós*, nº 130, Outubro 1934, Tomo IV; "Fermín Bouza Brey" *B.R.A.G.*, ano LXX (tomo XXXI), nº 359, Decembro 1977. Tomo Homenaxe a Vicente Risco; "Na morte de Fermín Bouza-Brey", *Grial*, nº 41, 1973, pp. 351-353; "Ollada encol da poesía lírica galega contemporánea" en *Nós*, nº 87, ano XIII, Ourense 15 de marzo do 1931, pp. 52-59. Anxel Fole (co pseudónimo de Neumandro), "Nuestra lírica contemporánea. No existe una corriente saudosa como característica de los poetas de hoy", II, en *La noche*, 24 de maio do 1956, sección Artes y Letras; "Nuestra lírica contemporánea. Hay un grupo de poetas auténticos que serían honra y gala de cualquier literatura", en *La noche*, 22 de Maio do 1956, sección Artes y Letras. Ramón Otero Pedrayo, "Fermín Bouza Brey no lembrar" en *C.E.G.*, tomo XXVIII (dedicado a Fermín Bouza-Frey, o mesmo que o tomo seguinte), 84, Santiago: C.S.I.C., 1973, p. 7.